

11



Ollos abertos

Alegria polo triunfo conseguido

Contemplamos ás veces na televisión ou nos xornais a algúns vencedores nunha competición deportiva que manifestan a súa alegria polo triunfo conseguido.



Entrevista a un vencedor do tour de Francia

P. Para gañar o tour, seguramente necesitou adestrar moito. ¿Resúltalle difícil?

R. Naturalmente, pois hai que dedicar moitas horas ao día a adestrar, facer exercicios de ximnasia, manter unha dieta...

P. ¿Nunca tivo a tentación de abandonar e levar unha vida máis cómoda?

R. Ás veces si: cando teño que facer grandes esforzos, superar algunha proba... Pero á fin... sempre volvo de novo.

P. ¿Que sente vostede neste momento?

R. Sinto unha enorme satisfacción, porque era o que más ilusión me facía, o que más desexaba. Certamente este triunfo compensa todos os sacrificios, porque é moita a alegria que agora sinto. Ademais con esta vitoria sei que dou moita satisfacción a tantas persoas como quero e aprecio.



Mirada penetrante

Esforzos para ter éxitos

Todas as persoas, para conseguir algúun triunfo ou éxito na vida, necesitan esforzarse.

■ Os demais esfórzanse

Para lograr algo que paga a pena, é necesario esforzarse. Así, por exemplo, esfórzanse:

-
-
-

■ Ti tamén te esforzas

Tamén ti realizas moitas actividades e gústache ter éxito nelas.

► ¿Cales destas actitudes cres que necesitas máis para conseguir ter éxito nas túas actividades? Numéraas do 1 (a más necesaria) ao 10 (a menos necesaria).

- | | | | | |
|----------------------------------|---------------------------------|----------------------------------|-----------------------------------|--------------------------------|
| <input type="radio"/> Comodidade | <input type="radio"/> Paciencia | <input type="radio"/> Dedicación | <input type="radio"/> Exercicio | <input type="radio"/> Cansazo |
| <input type="radio"/> Esforzo | <input type="radio"/> Preguiza | <input type="radio"/> Constancia | <input type="radio"/> Preparación | <input type="radio"/> Illusión |



Oídos atentos

A morte e resurrección de Xesús

Xesús foi perseguido por aqueles que non querían o Reino de Deus. Tivo que pasar pola morte na cruz, pero resucitou vitorioso.

■ 1 ■ A morte de Xesús



Vede que subimos a Xerusalén, e ao Fillo do Home vano entregar aos sumos sacerdotes e aos letrados; condenarano a morte. (Mc 10,33)



Xesús púxose a orar así: "Meu Pai..., non se faga o que eu quero, senón o que queres Tu". (Mt 26,39)
Xesús dixo: Todo está cumplido. (Xn 19,30)



Dígovos que xa non comerei máis esta Pascua ata que se cumpra no Reino de Deus... E eu vouvos dar o Reino como o meu Pai mo deu a miñ. (Lc 22,16.18.29)



Está escrito que o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día. (Lc 24,46)
Resucitarei e irei diante de vós a Galilea. (Mt 26,32)

■ 2 ■ A resurrección de Xesús



¿Por que buscades entre os mortos a quen está vivo? Non está aquí, resucitou. (Lc 24,5-6)



Deus resucitouno de entre os mortos e coroouno de gloria. (1 Pe 1,21)
A este Xesús resucitouno Deus, engrandeceuno e constituíuno Señor. (Feit 2,32-33)



Deus resucitouno de entre os mortos para non volver máis á morte.
(Feit 13,34)

Por isto Cristo morreu e resucitou: para ser dono dos mortos e dos vivos. (Rom 14,9)



Deus... fixonos nacer de novo mediante a resurrección de Xesucristo de entre os mortos. (1 Pe 1,3)


Quen resucitou a Xesús, o Señor, tamén nos resucitará a nós con Xesús e nos dará un posto na súa compañía.
(2 Cor 4,14)

■ 3 ■ A morte e resurrección de Xesús

A morte e resurrección de Xesús é o centro da nosa fe.



Se confesas coa túa boca Xesús é o Señor e cres no teu corazón que Deus o resucitou de entre os mortos, serás salvo. (Rom 10,9)



A morte de Cristo foi...	¿Por que?	A resurrección de Cristo foi	¿Por que?
Aceptada		Triunfante	
Esperanzada		Salvadora	



Memoria esperta

Froitos da morte e resurrección de Xesús

A Igrexa anunciou sempre a morte e resurrección de Cristo. Pídenos a nós que vivamos como resucitados con Cristo á Vida Nova.

- ¿Con que actitude vai Xesús á morte?
- ¿Cales son os froitos da morte e resurrección de Cristo para a nosa vida?
- ¿Quen resucitou a Xesús?



Mans activas

Vivir como resucitados

A Palabra de Deus indícanos como habemos de comportarnos para vivir como resucitados.

A Palabra de Deus...



Se resucitastes con Cristo... Deixádevos de todo iso: ira, caraxe, ruindade, aldraxes e palabras groseiras. (Col 3,1.8)

Revestístesvos do home novo... Sede bondadosos, misericordiosos, humildes, sinxelos e tolerantes. (Col 3,10.12)

Aturádevos uns a outros e perdoádevos cando un teña queixa doutro. Como o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. (Col 3,13)

Por riba de todo, cinguídevos co amor, que é o vínculo da perfección. (Col. 3,14)

Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns. (Col 3,15)

Sede tamén agradecidos. (Col 3,15)

Ensinádevos e alentádevos uns a outros. (Col 3,16)

Co corazón agradecido, cantádelle a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas. (Col 3,16)

...interpélanos

¿Tratamos nós de superar a ira, o rancor, a malicia, os insultos e as grosarías?

¿Somos nós compasivos, bondadosos, humildes, pacientes e comprensivos?

¿Aceptámonos, desculpámonos e perdoámonos uns a outros, cando nos ofendemos?



¿Queremos de verdade a todas as persoas coas que convivimos?

¿Vivimos en paz con todos, estamos unidos ou hai moitos enfados, discusións, divisións?

¿Temos costume de dar as grazas cando nos axudan ou nos prestan un servizo?

¿Facemos caso aos bos consellos que nos dan? ¿Aconsellamos ben nós aos nosos compañeiros?

¿Gabamos a Deus, dámolle grazas todos os días polas cousas boas que nos concede?